



Ola, chámome Lirea e convídote a facer sendeirismo ao longo deste roteiro, que atravesa paisaxes naturais que impresionan pola súa beleza. Ademais de facer deporte e disfrutar das vistas, podes ir recollendo as herbas aromáticas que atopas: fento, herba luisa, malva, fiuncho, romeo, herba de S.Xoán e codeso xunto coa auga das tres fontes polas que pasa o roteiro: Soleiros, Besugueira e Santo Estevo, ou na súa falta, auga de mar ou de río onde estas fontes desembocan. Se mergullas estas herbas na auga das tres fontes misturada e as deixas toda a noite ao sereo, é dicir, baixo o luar, pola mañá terás un bálsamo aromático que atrae a saúde, fortuna e boa sorte nos amores.

Ao longo do roteiro iráste atopando paneis informativos e postes indicativos que che servirán de axuda para ve-las mellores paisaxes atravesando fragas e a carón de preciosos cantís que baña o mar lendario pola súa bravura, o da Costa da Morte.

Sigue os consellos que che darei e terás un feliz paseo. Se respetas a natureza e a coidas, a boa sorte esconxurarase para que non atopas atrancos no teu camiñar.

Anímate e vive a aventura do sendeirismo comigo!



- 0.- Punto de partida (Pontella Vella)
- 1.- Piscifactoría
- 2.- Igrexa Santo Estevo de Lires
- 3.- Camposanto
- 4.- Fonte Santo Estevo
- 5.- Camposa de Prado do Portelo
- 6.- Fonte Soleiros
- 7.- Cruce Bugallón
- 8.- Mirador das pedras de Padrís. (chegada)
- 9.- Fonte Besugueira
- 10.- Mirador do Peón do Cabo



DATOS DO PERCORRIDO

Percorrido: 9,135 Km

Duración: 4 Horas

Dificultade: Media



SINALIZACIÓN

Camiño de Ida



Camiño de Volta



Seguir o Camiño



Xirar á esquerda



Xirar á dereita



D.L.C 1931-2007. © Copyright,2007. Tódolos dereitos reservados.

www.meighalirea.org

HERBAS DA MEIGHA LIREA

Fiúncho



Malva de olor



Herba luisa



Piorno ou Codeso




Fento macho



Romeu



Pericán, Abeluría



PROXECTO XUVENTUDE: "LIREAS ABRE OS SEUS CAMIÑOS"



LIRES ABRE OS SEUS CAMIÑOS

